

ANEXO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE LATÍN CURSO 2022-2023

Pola aplicación da ORDE do 27 de Decembro de 2022 (DOG nº 4 do xoves 5 de Xaneiro de 2023) no que actualiza as sesións de avaliacións finais na ESO, procédese a modificar a programación didáctica 2022-2023 do departamento de Latín en 4º ESO.

4º ESO

A cualificación da materia axustarase á seguinte proporción:

	Ensino presencial	Ensino non presencial
Probas de avaliación escritas sobre os estándares dos bloques lingüísticos (tradución de textos, análise morfosintáctica, contidos gramaticais, contidos léxicos e etimolóxicos) e sobre os estándares dos bloques sobre cultura e historia romanas)	70% (Hai que superar o 40%)	50% (Hai que superar o 40%)
Evidencias dos estándares de aprendizaxe (actividades do libro actividades na aula virtual, esquemas, resumos, traballos en grupo e individuais,...)	30% Para sumar este apartado será necesario ter entregado en prazo polo menos o 80% das tarefas propostas	50% Para sumar este apartado será necesario ter entregado en prazo polo menos o 80% das tarefas propostas

Ao ser continua a avaliación o alumno/a poderá promocionar curso aínda que teña suspensa a 1ª e/ou a 2ª avaliación sempre que na 3ª obteña unha nota mínima de 5 sobre 10 (DOG 29/06/2015).

Ao coincidir a 3ª avaliación na data coa avaliación final, aqueles alumnos/as que non superen algunha parte da materia ao longo do curso, farán a semana anterior a data da avaliación final una proba obxectiva sobre os contidos mínimos. O alumno recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo.

A utilización de medios deshonestos na realización de exames, tarefas, etc., tanto en beneficio propio como alleo, terá como consecuencia a nulidade dos mesmos para o alumno ou alumnos implicados, suporá a anulación da tarefa ou exame, e obterá una puntuación de cero (0).

En Cangas, a 16 de Febreiro de 2023